- **OCUPACIONAIS**

#### UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Manexar o cabestrante e a pinza.

##### MÓDULOS

- **ESPECÍFICOS**
- **TRANSVERSAIS**
  - ☞ Manexo do cabestrante e a pinza durante a recollida e transporte da carga.
- **OCUPACIONAIS**

#### UNIDADE DE COMPETENCIA

5 Manexar motobomba.

##### MÓDULOS

- **ESPECÍFICOS**
- **TRANSVERSAIS**
  - ☞ Manexo eficiente do sistema de impulsión.
  - ☞ Tendido e recollida das mangueiras.
- **OCUPACIONAIS**

**UNIDADE DE COMPETENCIA**

6 Transportar carga.

**MÓDULOS**

- **ESPECÍFICOS**
  - ☞ Transporte de carga mediante autocargador.
  - ☞ Transporte de carga mediante colleitadora.
  - ☞ Transporte de carga mediante *skidder*.
- **TRANSVERSAIS**
- **OCUPACIONAIS**

**UNIDADE DE COMPETENCIA**

7 Realizar radiotransmisións.

**MÓDULOS**

- **ESPECÍFICOS**
- **TRANSVERSAIS**
  - ☞ Protocolo de comunicacións por radio.
  - ☞ Manexo de aparatos de radiotransmisión.
  - ☞ Condicións que melloran a transmisión.
- **OCUPACIONAIS**

**UNIDADE DE COMPETENCIA**

8 Aplicar o coidado e mantemento da máquina.

**MÓDULOS**

- **ESPECÍFICOS**
  - ☞ Mantemento de cabezais de corte.
  - ☞ Mantemento de guindastres.
  - ☞ Mantemento de *skidder*.
  - ☞ Mantemento de equipos de transmisión.
- **TRANSVERSAIS**
  - ☞ Mantemento de motores e bombas.
  - ☞ Operacións de protección da maquinaria previas e posteriores ao traballo.
- **OCUPACIONAIS**
  - ☞ Manexo da máquina dentro dos seus rangos operativos.

**⇒. OBXECTIVOS MODULARES****UNIDADE DE COMPETENCIA**

1 Conducir a máquina.

**MÓDULO FORMATIVO**

Comprobacións previas ao uso.

**OBXECTIVO XERAL**

Obter un traballo da máquina fiable, seguro, eficiente e duradeiro, reducindo ao máximo os gastos derivados dos desgastes e reparacións.

**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Coñecer os elementos do vehículo que requiren revisión e mantemento periódico.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- ⇒ Mediante a comprobación do estado dos elementos que requiren revisión verificando que se atopan en perfecto estado.

○ Coñecer que secuencia de comprobacións sobre os elementos do vehículo ten que realizar antes de comezar cada quenda.	⇒ Observando que a secuencia executada é a correcta en cada tipo de máquina.
○ Coñecer as técnicas, ferramentas necesarias e produtos máis usuais para tal fin.	⇒ Comprobando que as técnicas ferramentas e produtos usados para cada operación son os adecuados.

**MÓDULO FORMATIVO**

Prevenición de riscos laborais aplicada ao uso de maquinaria forestal.

**OBXECTIVO XERAL**

Evitar que se produzan accidentes laborais como consecuencia dunha execución descoñecida das operacións e/ou a ausencia ou uso inadecuado dos EPI.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer a normativa de PRL.	⇒ Mediante a proposición de situacións e casos que permitan a súa aplicación.
○ Coñecer cales son os EPI máis adecuados a cada situación operativa.	⇒ Comprobando que os elementos de protección usados para cada operación son os adecuados.
○ Coñecer o estado e a colocación adecuados dos compoñentes do EPI.	⇒ Comprobando que os EPIs usados se atopan en perfecto estado e correctamente colocados.
○ Recoñecer os elementos que poden supoñer algún tipo de perigo no uso da máquina.	⇒ Comprobando a actuación prudente do operador ante os elementos potencialmente perigosos.
○ Coñecer cales son as principais feridas que se poden producir durante o desempeño do traballo.	⇒ Mediante a resposta correcta por parte do alumno ás preguntas formuladas sobre a cuestión.

**MÓDULO FORMATIVO**

Primeiros auxilios aplicados ao manexo de maquinaria e ferramentas.

**OBXECTIVO XERAL**

Formar o traballador para que saiba como reaccionar e prestar auxilio no caso de que ocorrera algún accidente ou incidente durante o desenvolvemento das súas tarefas habituais relacionadas co manexo de maquinaria e ferramentas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Reaccionar ante caídas e golpes.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Saber que facer ante a produción de cortes e feridas.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Saber que facer ante hemorraxias.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Saber que facer ante as roturas leves e torceduras.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de vendaxes e entaladuras.

○ Reaccionar ante a aparición de queimaduras de distintos graos.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Reaccionar ante a aparición de hipotensións e desmaios.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de reanimación nun incendio.
○ Realizar unha RCP.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de reanimación nun incendio.

**MÓDULO FORMATIVO**

Sensibilización ambiental aplicada ao uso de maquinaria forestal.

**OBXECTIVO XERAL**

Evitar os danos medioambientais que o uso e mantemento da maquinaria poden provocar no medio natural.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer as implicacións medioambientais do uso dos produtos necesarios nas operacións de mantemento da máquina e os seus elementos auxiliares.	⇒ Comprobando o uso responsable que dos ditos elementos se realiza.
○ Coñecer o método de xestión dos residuos obtidos das operacións de mantemento da colleitadora, os seus elementos auxiliares e das ferramentas de mantemento.	⇒ Observando que a manipulación dos residuos xerados é a adecuada.
○ Aplicar métodos de aproveitamento respectuosos co medio.	⇒ Observando a extensión de danos colaterais durante a extracción.
○ Aplicar métodos de extracción respectuosos co medio.	⇒ Observando a extensión de danos colaterais durante a saca.

**MÓDULO FORMATIVO**

Desprazamento e estacionamento das distintas máquinas forestais.

**OBXECTIVO XERAL**

Realizar o traslado da máquina con precisión e seguridade e inmovilizala de maneira segura unha vez finalizado este.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Recoñecer os elementos do terreo que poidan supor algún tipo de dificultade para o uso da máquina.	⇒ Comprobando que o maquinista recoñece e evita tales obstáculos.
○ Coñecer as peculiaridades que afectan á condución de cada máquinas.	⇒ Observando que se controla o comportamento da máquina ante situacións orográficas difíciles.
○ Coñecer o procedemento e os elementos máis adecuados para un estacionamento seguro e estable da máquina.	⇒ Comprobando que a máquina queda estacionada en lugar seguro e perfectamente inmovilizada.
○ Coñecer as cotas máximas da máquina e a súa relación co terreo.	⇒ Comprobando que o maquinista dirixe a máquina sen que esta sufra atascos ou retencións.
○ Coñecer o manexo dos mandos de cada máquina.	⇒ Comprobando que a manipulación dos mandos se realiza con tacto e precisión para cada función.

**UNIDADE DE COMPETENCIA**

2 Realizar corta mecanizada.

**MÓDULO FORMATIVO**

Programación do cabezal de corte.

**OBXECTIVO XERAL**

Conseguir realizar o procesamento da árbore baixo os parámetros dimensionais esixidos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Saber programar a velocidade de avance dos rodetes.	⇒ Comprobando que a máquina non sofre atascos ou que a madeira resulta danada.
○ Saber programar lonxitude de corte das toradas.	⇒ Comprobando que as toradas cortadas cumpren coas medidas esixidas.
○ Programar diámetro mínimo de torada.	⇒ Comprobando que o diámetro mínimo en punta delgada se encontra dentro dos parámetros comerciais.

**MÓDULO FORMATIVO**

Control das operacións do cabezal de corte.

**OBXECTIVO XERAL**

Conseguir que o manexo do pé se realice de modo que este non sofre danos nin perdas na súa calidade, así como evitar someter a sobreesforzos tanto o cabezal como o brazo de carga.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Elixir a mellor posición de agarre.	⇒ Comprobando que o agarre se adapta perfectamente ao tipo e tamaño do pé aproveitado.
○ Controlar a velocidade e dirección de caída da árbore.	⇒ Comprobando que a árbore é dirixida con facilidade na dirección desexada.
○ Optimizar a secuencia de operacións que vai realizar a cabeza.	⇒ Observando que o número de movementos do cabezal é o mínimo para a realización de cada proceso.
○ Identificar os pés aptos para a corta mecanizada.	⇒ Comprobando que os pés cortados presentan as calidades esixidas.

**MÓDULO FORMATIVO**

Identificación das especies forestais comerciais e a súa idoneidade para o aproveitamento.

**OBXECTIVO XERAL**

Escoller os pés que pertencen á especie de aproveitamento elixida, podendo determinar ademais a súa idoneidade para a corta.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Identificar os pés obxecto de aproveitamento polos elementos característicos de cada especie.	⇒ Comprobando que a identificación dos pés é correcta.

○ Identificar os pés que polo seu aspecto ou idade non cumpren as características comerciais ou legais esixidas.	⇒ Asegurándose de que os pés cortados cumpren coas condicións de aproveitamento esixidas.
○ Escoller os pés que poden soportar o aproveitamento mecanizado sen sufrir danos.	⇒ Comprobando que as toradas cortadas non presentan danos que poden minuar o seu valor comercial.
○ Recoñecer os pés que polo seu estado fitosanitario poden representar un perigo para o seu aproveitamento.	⇒ Revisando os pés cortados e comprobando que se encontran nun estado fitosanitario adecuado.

**MÓDULO FORMATIVO**

Identificación dos elementos naturais sensibles.

**OBXECTIVO XERAL**

Recoñecer e preservar aqueles que deben ser preservados durante os labores de aproveitamento.

<b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>
○ Coñecer as especies forestais protexidas máis habituais dentro dos ecosistemas forestais.	⇒ Comprobando que o alumno coñece as especies forestais protexidas máis comunmente localizadas en terreos de aproveitamento madeireiro.
○ Identificar a presenza de niños que deban ser preservados dentro do bosque.	⇒ Comprobando que o alumno coñece as especies ornitolóxicas protexidas máis comunmente localizadas en terreos de aproveitamento madeireiro.
○ Coñecer que os restos etnográficos dentro das zonas de aproveitamentos deben ser preservados.	⇒ Comprobando a atención que ao desempeño da corta lle presta o operario.
○ Controlar ao máximo os danos que poden ser causados a pés que non son obxecto de aproveitamento.	⇒ Comprobando o grao de coidado no traballo de aproveitamento.
○ Actuar con precaución na proximidade de cursos fluviais e de mananciais naturais.	⇒ Comprobando o grao de coidado no traballo de aproveitamento nas zonas ripícolas.

**UNIDADE DE COMPETENCIA****3** Manexar o brazo telescópico.**MÓDULO FORMATIVO**

Aproveitamento.

**OBXECTIVO XERAL**

Realizar todas as operacións co brazo que permitan a realización de aproveitamentos eficientes e seguros.

<b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>
○ Coñecer cales son as limitacións en canto peso e par que presentan os brazos en función da súa potencia.	⇒ Comprobando que o guindastre non sofre sobreesforzos durante as operacións.



○ Manexar o brazo sen entrar en contacto cos pés adxacentes ou obstáculos como liñas eléctricas.	⇒ Comprobando que os danos colaterais do aproveitamento son mínimos.
○ Controlar a fase de suxeición da árbore polo cabezal.	⇒ Observando que a árbore non presenta balanceos excesivos durante a súa manipulación.
○ Controlar a dirección e velocidade de caída do pé unha vez cortado.	⇒ Comprobando que o grao de control sobre o pé é total durante a súa caída.
○ Manexar o brazo cando este se atopa cargado.	⇒ Observando que o movemento do pé cortado é preciso e non sofre impactos ou oscilacións excesivas.

#### MÓDULO FORMATIVO

Carga e descarga.

#### OBXECTIVO XERAL

Conseguir realizar as operacións de carga e descarga dos remolques de maneira eficiente rápida e segura.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Situar a máquina na posición que permita alcanzar o maior número de pezas sen desprazar a máquina.	⇒ Comprobando que a superficie arborada varrida en cada estacionamento da máquina é alta.
○ Optimizar a secuencia de operacións de achegamento do brazo ás moreas de madeira.	⇒ Asegurándose de que a secuencia de operacións do brazo é mínima durante a operación.
○ Coñecer aquelas operacións desaconselladas debido aos perigos de desestabilización da máquina, sobrecarga do brazo ou ambas as dúas.	⇒ Comprobando que o grao de balanceo da máquina é reducido e que o brazo non sofre sobreesforzos.
○ Maximizar a carga en cada suxeición da pinza.	⇒ Asegurándose de que a pinza se atopa chea en cada carga.
○ Realizar unha estibación segura e maximizando a carga por unidade de volume.	⇒ Comprobando que o remolque non presenta espazos baleiros unha vez amoreados os pés ata a máxima altura do remolque.
○ Realizar os desprazamentos da carga de maneira precisa e rápida.	⇒ Asegurándose de que o tempo investido é o mínimo necesario para desprazar a carga.

#### UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Manexar o cabestrante e a pinza.

#### MÓDULO FORMATIVO

Manexo do cabestrante e a pinza durante a recollida e transporte da carga.

#### OBXECTIVO XERAL

Coñecer o funcionamento dos elementos de carga do *skidder*.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer os elementos e a función da pinza así como os seus distintos tipos.	⇒ Comprobando a elevación segura e eficaz das moreas en función das distintas variables implicadas.
○ Coñecer os elementos do cabestrante, a súa función e problemática.	⇒ Avaliando se se aproveitan todas as funcións do equipo.
○ Coñecer os distintos tipos de cables, os seus elementos e a determinación do seu estado operativo.	⇒ Comprobando que a manipulación do cable é a correcta e que o elixido esta en bo estado.
○ Elixir a posición idónea da pinza en función da carga e a pendente.	⇒ Comprobando que a máquina non sofre "empinamentos" con distintas cargas e ante distintas pendentes.
○ Coñecer as limitacións de arrastre en función da potencia da máquina e condicións orográficas do terreo.	⇒ Comprobando que a máquina non sofre atascos a consecuencia de cargas excesivas en terreos con forte pendente e escasa adherencia.
○ Procedemento de enganche e desenganche da carga.	⇒ Comprobando que as moreas de madeira se encontran firmemente enganchadas e que o seu proceso de desenganche é rápido e fácil.

#### UNIDADE DE COMPETENCIA

##### 5 Manexar motobomba.

#### MÓDULO FORMATIVO

Manexo eficiente do sistema de impulsión.

#### OBXECTIVO XERAL

Conseguir extraer da motobomba o seu máximo potencial mantendo unhas condicións de manexo que aseguren unha longa duración e minimicen as avarías e o mantemento.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer a función dos distintos mandos da bomba.	⇒ Comprobando que a secuencia de accionamento é a correcta para conseguir a realización dunha función dada.
○ Coñecer as limitacións de aspiración da bomba en función da altura de impulsión.	⇒ Comprobando que a bomba non se quenta por intentar acadar unha altura de impulsión ou unha presión en lanza excesiva.
○ Coñecer o réxime óptimo de impulsión da bomba.	⇒ Comprobando que a bomba non se revoluciona por intentar acadar unha altura de impulsión ou unha presión en lanza excesiva.
○ Evitar a entrada de impurezas na bomba durante o proceso de carga.	⇒ Comprobando que o filtro de retención se atopa limpo tras a absorción de auga.

- Emprazar o vehículo na zona que permita varrer unha maior superficie de rega sen o movemento deste ou cun desprazamento reducido.
  - ⇒ Comprobando que a zona de alcance do motobomba é máxima con relación á súa posición.

**MÓDULO FORMATIVO**

Tendido e recollido das mangueras.

**OBXECTIVO XERAL**

Tender manguera de forma rápida e eficiente e recollela do mesmo xeito, tentando que o seu almacenamento non produza a súa deterioración prematura.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer o diámetro e lonxitude de manguera, así como o diámetro de lanza máis adecuado a cada situación.	⇒ Comprobando que o caudal e presión é o adecuado á situación dada.
○ Elixir o emprazamento máis adecuado para o vehículo co fin de reducir ao máximo a lonxitude de tendido e a diferenza de cota que ten que salvar a bomba.	⇒ Comprobando que a posición do vehículo permite unha lonxitude de manguera mínima para acometer a situación.
○ Determinar a lonxitude máxima do tendido de manguera en función da diferenza de cotas, potencia de bomba, distancia que debe acadar o chorro, diámetro da manguera, caudal necesario, etc.	⇒ Comprobando que a distancia acadada polo chorro de auga é máxima para a situación dada.
○ Efectuar de forma rápida e eficaz a unión da boca do primeiro treito de manguera na saída da bomba.	⇒ Observando se a conexión das mangueras co depósito se fai coa suficiente rapidez.
○ Enrolar e gardar os distintos tipos de mangueras e accesorios.	⇒ Observando se a conexión entre as mangueras se fai coa suficiente rapidez.
○ Realizar a conexión rápida e precisa dos treitos de manguera e destes co vehículo e a lanza.	⇒ Comprobando o tempo de conexión e se este se encontra dentro dos tempos estipulados para iso.
○ Coñecer o manexo e os coidados das mangueras que favorecen unha vida operativa maior.	⇒ Comprobando que a forma de manipulación e almacenamento cumpre os procedementos de calidade esixidos.

**UNIDADE DE COMPETENCIA**

6 Transportar carga.

**MÓDULO FORMATIVO**

Transporte de carga mediante autocargador.

**OBXECTIVO XERAL**

Conseguir unha maximización do volume transportado cunha minimización do tempo e distancia usado, todo iso mantendo os adecuados criterios de seguridade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer todos aqueles mandos exclusivos dos vehículos todoterreo, o seu accionamento e función.	⇒ Comprobando a súa correcta manipulación nas situacións que así se requira.
○ Coñecer as limitacións de carga do autocargador e introducindo sempre un volume de carga que permita unha marxe de seguridade razoable.	⇒ Comprobando que o volume de carga introducido no remolque é máximo para a capacidade da máquina e as condicións do terreo.
○ Coñecer e respectar as limitacións dinámicas do autocargador, pendente máxima superable, pendente máxima lateral con carga, ángulos máximos de ataque e saída así como profundidade de vadeo máxima con carga.	⇒ Comprobando que o autocargador non sofre dificultades de paso como consecuencia dunha estimación errónea do operador.
○ Colocar o brazo do guindastre en posición segura para o desprazamento da máquina con carga.	⇒ Comprobando que a colocación do brazo é a adecuada para o desprazamento.
○ Aplicar a conducción todoterreo a vehículos de tracción total con carga, aplicando todas aquelas medidas extraordinarias de conducción e precaución propias do manexo por áreas de orografía complexa.	⇒ Comprobando que o vehículo se despraza con seguridade polas zonas que transita a pesar de resultar necesario o uso de elementos todoterreo da máquina.

**MÓDULO FORMATIVO**

Transporte de carga mediante colleitadora.

**OBXECTIVO XERAL**

Conseguir unha maximización do volume transportado cunha minimización do tempo e distancia usado, todo iso mantendo os adecuados criterios de seguridade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer todos aqueles mandos da colleitadora que permiten o seu desprazamento.	⇒ Comprobando a súa correcta manipulación nas situacións que así se requira.
○ Coñecer as limitacións de carga da colleitadora e introducindo sempre un volume de carga que permita unha marxe de seguridade razoable.	⇒ Comprobando que o volume de carga introducido no remolque é máximo para a capacidade da máquina e as condicións do terreo.
○ Coñecer e respectar as limitacións dinámicas da colleitadora, pendente máxima superable, pendente máxima lateral con carga, ángulos máximos de ataque e saída así como profundidade de vadeo máxima con carga.	⇒ Comprobando que o autocargador non sofre dificultades de paso como consecuencia dunha estimación errónea do operador.
○ Colocar o cabezal de corte en posición segura para o desprazamento da máquina con carga.	⇒ Comprobando que a colocación do brazo é a adecuada para o desprazamento.
○ Coñecer as cotas exteriores da máquina e o peso con carga para calcular os lugares que permiten o paso da máquina.	⇒ Comprobando que a máquina non queda atascada en ningún punto como consecuencia da estimación errónea do operario.

- |  |  |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Aplicar a condución todoterreo a vehículos de tracción total con carga, aplicando todas aquelas medidas extraordinarias de condución e precaución propias do manexo por áreas de orografía complexa.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>⇒ Comprobando que o vehículo se despraza con seguridade polas zonas que transita a pesar de resultar necesario o uso de elementos todoterreo da máquina.</li> </ul> |
|--|--|

**MÓDULO FORMATIVO**

Transporte de carga mediante *skidder*.

**OBXECTIVO XERAL**

Conseguir unha maximización do volume transportado cunha minimización do tempo e distancia usado, todo iso mantendo os adecuados criterios de seguridade.

<b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Coñecer as limitacións de carga do <i>skidder</i> en función das condicións orográficas existentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⇒ Comprobando que a máquina pode realizar o seu traballo sen atascos debido á sobrecarga.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Traballar coordinadamente co operario de enganche.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⇒ Observando se os labores de enganche e desenganche se levan a cabo coa suficiente rapidez e seguridade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Coñecer as distintas técnicas de enganche en función da masa arrastrada e a orografía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⇒ Comprobando que o enganche realizado se axusta ás condicións e carga presentes.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Identificar a capacidade portante e o grao de adherencia da zona.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⇒ Comprobando que durante as prácticas a máquina non quedou atascada como consecuencia do seu manexo en terreos poucos consolidados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Realizar arrastres de mínimo impacto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⇒ Revisando a profundidade das rodeiras que no terreo deixa o arrastre ao paso da carga.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Coñecer e respectar as limitacións dinámicas do <i>skidder</i>, pendente máxima superable con carga sen elevación da máquina, pendente máxima lateral con carga sen arrastre da máquina pola carga, ángulos máximos de ataque e saída así como profundidade de vadeo máxima con carga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⇒ Comprobando que non se producen "empinamentos" da máquina en ningunha das distintas combinacións carga-pendente, durante a súa condución.</li> </ul>

**UNIDADE DE COMPETENCIA**

- 7 Realizar radiotransmisións.

**MÓDULO FORMATIVO**

Protocolo de comunicacións por radio.

**OBXECTIVO XERAL**

Coñecer as normas que permiten realizar comunicacións rápidas, claras e precisas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Aprender a sintetizar a información que se vai radiar.	⇒ Comprobando que a información radiada é clara e sintética.
○ Coñecer regras de identificación do emisor.	⇒ Observando se no proceso de transmisión o emisor queda claramente identificado.
○ Realizar a comunicación nun ton alto e claro cunha vocalización precisa.	⇒ Comprobando que a comunicación resulta audible e clara.
○ Aplicar fórmulas de finalización das mensaxes.	⇒ Asegurándose de que figura sempre a palabra "corto" ao final da mensaxe.
○ Confirmar a recepción da emisión.	⇒ Comprobando que se utiliza a formula de "recibido" cando se escoita unha mensaxe.
○ Coñecer normas á hora de recibir mensaxes.	⇒ Asegurándose de que durante a recepción da mensaxe non se corta a comunicación e que se espera ata o final desta para transmitir.

**MÓDULO FORMATIVO**

Manexo de aparatos de radiotransmisión.

**OBXECTIVO XERAL**

Obter os coñecementos e a destreza suficiente para manexar con eficacia distintos modelos de emisores.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer os mandos das emisoras e a súa función.	⇒ Comprobando o coñecemento da función de cada mando e que cada un deles é manipulado correctamente.
○ Coñecer a colocación do micrófono para emitir.	⇒ Comprobando que a colocación e distancia do micrófono á boca é a adecuada para unha correcta emisión.
○ Coñecer a existencia das distintas frecuencias, cales son os seus usos adecuados e a existencia das distintas canles de comunicación.	⇒ Comprobando a capacidade para elixir a frecuencia e canle máis adecuada para cada situación.
○ Axustar os mandos para a redución de estática.	⇒ Observando que o grao de ruído recibido durante a recepción é baixo.
○ Axustar o volume de audición.	⇒ Asegurándose de que a elección de volume é a adecuada para unha recepción alta e clara.
○ Coñecer e evitar as prácticas que impiden unha correcta comunicación.	⇒ Comprobando que a comunicación é fluída, sen cortes durante a transmisión e utilizando as fórmulas de comunicación adecuadas.

**MÓDULO FORMATIVO**

Condições que melloran a transmisión.

**OBXECTIVO XERAL**

Coñecer e aplicar as condicións que favorecen a comunicación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Elixir a frecuencia adecuada en función da potencia necesaria para a transmisión.	⇒ Comprobando que a potencia da emisión é a adecuada para distintas distancias e diversas orografía.
○ Controlar o nivel de estática durante a transmisión.	⇒ Comprobando que o nivel de estática é reducido.
○ Escoller as canles máis adecuadas á natureza da información emitida.	⇒ Asegurándose de que as canles usadas son as máis apropiadas.
○ Buscar puntos altos e despexados para mellorar a calidade da emisión/recepción.	⇒ Comprobando que a localización é a adecuada, sen a presenza de sombras de cobertura e cunha correcta potencia de emisión/recepción.
○ Coñecer a dicción e o volume adecuado para a realización das transmisións.	⇒ Comprobando que a recepción presenta a claridade de mensaxe esixida.
○ Situar adecuadamente o micrófono diante da boca para lograr unha adecuada calidade de emisión.	⇒ Comprobando que a recepción presenta a claridade e volume de mensaxe esixida.

**UNIDADE DE COMPETENCIA**

8 Aplicar o coidado e mantemento da máquina.

**MÓDULO FORMATIVO**

Mantemento de motores e bombas.

**OBXECTIVO XERAL**

Adquirir a capacidade de realizar o mantemento periódico dos elementos motrices e de impulsión das máquinas forestais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Identificar as distintas partes do motor e as funcións que realizan.	⇒ Observando que o operario recoñece a posición, o tipo e función da pezas principais da máquina.
○ Aprender a relacionar os síntomas das avarías cos elementos implicados.	⇒ Comprobando que os diagnósticos que sobre as avarías se emiten son correctos.
○ Manter os niveis de fluídos nos niveis adecuados e substituindo ou repoñendo cando sexa necesario.	⇒ Comprobando que o estado e niveis dos fluídos son os adecuados ao sistema en todo momento.
○ Realizar os engraxamentos coa periodicidade e sobre os elementos que indica o fabricante.	⇒ Comprobando a capacidade para localizar os puntos de engraxamento e que as pezas susceptibles de engraxamento se atopan sempre perfectamente lubricadas.

- Operar sempre con precaución con todos os fluídos e recambios extraídos das máquinas e recollelos para evitar que poidan danar o medio natural. ⇒ Observando que os residuos xerados durante o mantemento son adecuadamente recollidos e almacenados.

**MÓDULO FORMATIVO**

Mantemento de cabezais de corte.

**OBXECTIVO XERAL**

Conseguir que a capacidade e calidade de corte do cabezal se encontre sempre dentro dos parámetros de funcionamento óptimo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Manter a cadea da motoserra perfectamente afiada e tensada.	⇒ Comprobando que os dentes da cadea se atopan adecuadamente afiados, sen excesivo grao de desgaste e que a tensión da cadea é a adecuada.
○ Aprender a extraer o elemento de corte do cabezal comprobando a ausencia de gretas e se o seu grao de afiado é o adecuado, cambiándoo en caso contrario.	⇒ Comprobando que a secuencia de operacións de montaxe e desmontaxe é a axeitada e que o exame realizado é atento e preciso.
○ Manter o sistema de engraxamento do elemento de corte en bo estado.	⇒ Comprobando que o engraxamento do elemento é abundante e continuo.
○ Manipular os elementos de corte con suma precaución e usando os elementos de protección adecuados.	⇒ Comprobando que se toman as medidas de seguridade adecuadas durante o proceso de manipulación dos útiles de corte.
○ Comprobar que a aliñación do equipo é a correcta, aliñándoo en caso contrario.	⇒ Asegurándose de que o corte realizado pola máquina é recto.
○ Manter ben afiadas as coitelas de derramado e descortizado.	⇒ Asegurándose de que o derramado do pé é total e que presenta unha adecuada limpeza de corte.
○ Revisar o desgaste dos rodets de arrastre para permitir a correcta alimentación do cabezal.	⇒ Comprobando que durante a alimentación do cabezal non se producen patinamentos do fuste sobre os rodets.

**MÓDULO FORMATIVO**

Mantemento de guindastres.

**OBXECTIVO XERAL**

Conseguir un óptimo funcionamento do guindastre e unha elevada vida operativa, así como reducir ao máximo os gastos derivados das avarias.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer as distintas seccións do brazo telescópico, que debe estar perfectamente engraxado.	⇒ Comprobando que todas as unións e bombíns se atopan perfectamente engraxados.
○ Coñecer a localización dos puntos de engraxamento das seccións do brazo.	⇒ Comprobando que o operario localiza e utiliza todos aqueles



	puntos do brazo necesarios para o seu engraxamento.
○ Identificar e revisar os elementos de unión do brazo.	⇒ Asegurándose de que os elementos de unión non presentan gretas ou xogo excesivo entre eles, ou calquera outro síntoma que obrigue á súa reparación.
○ Coñecer o esquema do sistema hidráulico, a disposición e funcións dos seus distintos condutos.	⇒ Asegurándose de que a potencia dos elementos por mando hidráulico é a adecuada e que non se producen baixóns de potencia no seu funcionamento.
○ Identificar e revisar que as garras de suxeición se encontran firmes e cunha alimentación hidráulica correcta.	⇒ Comprobando que non se producen esvaramentos das cargas elevadas.
○ Comprobar o estado da bomba de presión hidráulica e o seu correcto funcionamento.	⇒ Asegurándose de que a potencia dos elementos por mando hidráulico é a adecuada e que non se producen baixóns de potencia no seu funcionamento.
○ Manter os niveis de fluído hidráulico.	⇒ Comprobando que o nivel e a calidade do fluído é adecuado.
○ Coñecer os procedementos de operación seguros para o manexo de fluídos tóxicos e contaminantes en sistemas a alta presión.	⇒ Observando se se toman as medidas de seguridade para a manipulación, almacenamento e eliminación dos fluídos.

**MÓDULO FORMATIVO**

Mantemento dos elementos de carga do *skidder*.

**OBXECTIVO XERAL**

Realizar o mantemento dos elementos que se usan para o arrastre da madeira.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Revisar o cable de tracción e aprender a substituílo se presenta máis dun 10% de rotura de fíos do cable nunha extensión equivalente a oito veces o diámetro do cable.	⇒ Comprobando que o cable se atopa en perfecto estado tras pasar a revisión correspondente.
○ Comprobar que o cabestrante se atopa correctamente ancorado á carrocería e cun bo engraxamento.	⇒ Revisando a ancoraxe do cabestrante á carrocería e o seu correcto engraxamento.
○ Aprender a revisar as poleas e sogas de estrangulación para detectar signos de desgaste ou desperfectos.	⇒ Observando o seu estado e se estas se encontran en perfecto estado operativo.
○ Comprobar que os elementos móbiles da pinza se atopan en bo estado e que esta exerce a presión adecuada.	⇒ Observando se as moreas de madeira se encontran firmemente suxeitas durante a fase de alzado e arrastre.

**MÓDULO FORMATIVO**

Mantemento de equipos de transmisión.

**OBXECTIVO XERAL**

Conseguir manter os equipos de transmisión en perfecto estado operativo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Aprender a determinar se a antena está correctamente instalada para evitar que poida desconectarse por vibracións ou movementos.	⇒ Comprobando que todas as conexións están perfectamente fixadas e as condicións de emisión e recepción son as adecuadas.
○ Comprobar que micrófono e altafalante funcionan perfectamente.	⇒ Comprobando que as condicións de emisión e recepción son as adecuadas.
○ Realizar probas de emisión/recepción co equipo antes de empezar a operar.	⇒ Observando que se leva a cabo a secuencia completa de comprobación.
○ Inspeccionar os cables de transmisión para asegurarse do seu perfecto estado.	⇒ Observando o seu estado tras a revisión.
○ Coñecer os procedementos adecuados para conseguir unha elevada duración das baterías.	⇒ Comprobando que se seguen os ditos procedementos.

**MÓDULO FORMATIVO**

Manexo da máquina dentro dos seus rangos operativos.

**OBXECTIVO XERAL**

Usar sempre a máquina dentro das especificacións operativas do fabricante co fin de conseguir o adecuado funcionamento da máquina.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer a relación existente entre potencia da máquina e cargas máximas de traballo.	⇒ Comprobando que o réxime de revolucións da máquina en cada operación é o adecuado.
○ Coñecer o esquema de revolucións máis adecuado a cada uso do motor.	⇒ Comprobando que o operario realiza un bo aproveitamento da potencia e par da máquina.
○ Traballar mantendo os motores dentro das temperaturas de réxime.	⇒ Observando se os indicadores de temperaturas de auga e aceite do motor se encontran dentro dos valores de funcionamento recomendados.
○ Coñecer e evitar a sobrecarga do brazo do guindastre.	⇒ Comprobando que tanto a carga como a distancia desta ao eixe de suxeición do brazo é a adecuada e non se producen sobreesforzos.
○ Repartir a carga de modo que o esforzo sobre os eixes sexa equilibrado.	⇒ Comprobando que a carga colocada no remolque se encontra adecuadamente distribuída sobre os eixes da máquina.

**MÓDULO FORMATIVO**

Operacións de protección da maquinaria, previas e posteriores ao traballo.

**OBXECTIVO XERAL**

Aumentar a fiabilidade mecánica, aumentar a vida operativa da máquina e reducir os custos de mantemento.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Deixar sempre que o motor alcance a temperatura de réxime antes de comezar o de traballo.	⇒ Comprobando que o motor non é acelerado inmediatamente despois proceder ao seu arranque.
○ Circular a velocidades moderadas cando se despraza por zonas moi accidentadas.	⇒ Comprobando que o manexo da máquina se realice a unha velocidade que permita o seu control e que non someta o bastidor a esforzos excesivos.
○ Reducir ao máximo os balanceos do brazo telescópico cando este se cargue, minimizando desta maneira os esforzos sobre o conxunto.	⇒ Asegurándose de que as manobras son controladas en todo momento.
○ Deixar que o motor se manteña un rato ao ralenti antes de apagar o motor.	⇒ Comprobando que o motor non é apagado inmediatamente despois da finalización das operacións.
○ Evitar na medida do posible os esforzos de torsión sobre o chasis e a transmisión.	⇒ Conducindo a velocidade moderada, sobre todo con carga, e evitando na medida do posible os obstáculos.
○ Evitar procesar árbores que polas súas dimensións poden supor un esforzo excesivo tanto para as unións dos distintos elementos como para o motor e brazo telescópico así como para o cabezal de procesamento.	⇒ Comprobando que as árbores escollidas entran dentro das dimensións procesables pola máquina.

**6.3.9. MOTOSERRISTA**

**CONTIDOS FORMATIVOS**

- **Ocupación**  
Motoserrista.
- **Actividade**  
Aproveitamento madeireiro.

UNIDADE DE COMPETENCIA	1	Operar coa motoserra.
<b>REALIZACIÓN PROFESIONAL</b>	1.1	Transportar a motoserra.
	1.2	Coñecer e saber identificar os compoñentes da motoserra.
	1.3	Coñecer os compoñentes, o seu estado adecuado e actuación e a colocación adecuada do EPI.
	1.4	Comprobar o estado adecuado e os elementos de seguridade.
	1.5	Poñer en marcha a motoserra.
	1.6	Manexar a motoserra.